

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 31 DE MAIO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trinta e un de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste, con escusa, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de maio de 2022**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que están hoxe presentes e asistiron todos eles á dita sesión (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde do 11 de maio de 2022, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Voluntariado sénior e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS508C). (Diario Oficial de Galicia número 101, do 27 de maio de 2022).
- Orde do 12 de maio de 2022, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases que rexerán a concesión das subvencións ás entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS320A). (Diario Oficial de Galicia número 101, do 27 de maio de 2022).
- Anuncio do Servizo de Xestión de Plans – Sección de Plans Provinciais, da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación da modificacións das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022.



(Boletín Oficial da Provincia número 102, do 31 de maio de 2022).

- Anuncio do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, da Deputación Provincial da Coruña, polo que se publican as bases reguladoras do programa PEL-Concellos\_Axudas ao sector das orquestras e verbenas, do Plan de emprego local, anualidade 2022. (Boletín Oficial da Provincia número 102, do 31 de maio de 2022).

### 3º. Expedientes de contratación

**Único. Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde e Plan de residuos presentados pola empresa "BCN Gestión e Soluciones Avanzadas, S.L.", adxudicataria da obra "Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre". Expediente: 2021/C003/000015**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C003/000015 para a contratación da obra "Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre". Expediente: 2021/C003/000015.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2022 polo que se adxudicou a obra á empresa "BCN Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.", asinándose o correspondente contrato con data 29 de marzo de 2022.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade "Gallega de Coordinacións, S.L." adxudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade "Gallega de Coordinacións, S.L." ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 12 de abril de 2022 e número 202299900001850.

Visto o Plan de Xestión de Residuos elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 11 de abril de 2022 e número 202299900001832.

Visto os informes favorables emitidos con data 26 de maio de 2022 polo arquitecto municipal, director de obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa "BCN Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L." adxudicataria da obra "Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre".

Expediente: 2021/C003/000015.

**Segundo:** Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola pola empresa "BCN Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L." adxudicataria da obra "Remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre".  
Expediente: 2021/C003/000015

**Terceiro:** Notificar este acordo á empresa "BCN Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L." e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade "Gallega de Coordinacións, S.L.", facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalno directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Cuarto:** Notifíquese ao arquitecto municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 20 de maio ao día 26 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 896/2022 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 968/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
896/2022	20-05-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 24 de maio de 2022
897/2022	20-05-2022	Aprobación de estruturas móbiles para o proxecto 125 Aniversario da Música de Cecebre
898/2022	20-05-2022	Contratación de Héctor García Guerra; espectáculo "O Camiño do Afiador". Rede Cultural
899/2022	20-05-2022	Aprobación da actividade obradoiros para familias. Xerando Redes
900/2022	20-05-2022	Solicitud de adhesión ao programa Son de Bares. Ribadín 21/05/22
901/2022	20-05-2022	Celebración voda civil o día 23 de maio de 2022 ás 12 horas.
902/2022	20-05-2022	Expediente sancionador pola infracción do artigo 27 a), apartado 8, da



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		ordenanza de limpeza viaria e ornato. Infractor: M.A.I.B.
903/2022	20-05-2022	Licenza de primeira ocupación para vivenda sita en Balado. Promotor: R.M.N.
904/2022	20-05-2022	Expediente sancionador pola colocación dunha praca de vao ilegal en Travesía da Igrexa (O Temple). Infractor: M.J.P.G.
905/2022	20-05-2022	Concesión de licenza municipal para ocupación de vía pública na rúa Río Brexa – A Barcala (Cambre) e praza 1º de Maio, dende o 30 de abril ata o 30 de maio de 2022, con motivo das obras de acondicionamento da cuberta e da fachada do edificio
906/2022	20-05-2022	Expediente sancionador por griterío na rúa Tapia (O Temple), diante do acceso ao establecemento Beagle. Infractor: D.A.P.
907/2022	20-05-2022	Expediente sancionador por gritos na rúa Tapia (O Temple), diante do acceso ao establecemento Beagle. Infractora: S.L.M.
908/2022	20-05-2022	Solicitude de autorización de venda ambulante ocasional
909/2022	23-05-2022	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
910/2022	23-05-2022	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
911/2022	23-05-2022	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
912/2022	23-05-2022	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
913/2022	23-05-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de maio de 2022
914/2022	23-05-2022	Colaboración do Concello de Cambre na organización do Campionato Galego de Halterofilia de Técnica en categorías Sub 15, Sub 17 e Junior
915/2022	23-05-2022	Aprobación da actividade e orzamento do Concerto de Sandra Calderón
916/2022	23-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.T.V.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
917/2022	23-05-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 132.837,54 €
918/2022	23-05-2022	Contratación de Mr. Misto Production & Services, S.L.; espectáculos "Valentina", "Cuñados" e "O Gran Camiño". Rede Cultural
919/2022	23-05-2022	Contratación de Iulius XIII, S.A.; espectáculo "Iria Estévez ", "Camiños do Fado". Rede Cultural
920/2022	23-05-2022	Contratación de Pista Catro P. Soños, S.L.; espectáculo "Baila un vestido verde". Rede Cultural
921/2022	23-05-2022	Multas tráfico - 99500000025791 Acordos de inicio
922/2022	23-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social de recibo de aluguer a M.T.P.M.
923/2022	23-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social de recibo de aluguer a C.M.P.N.
924/2022	23-05-2022	Concesión de axuda emerxencia social recibo de aluguer a R.F.A.V.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

925/2022	23-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social de recibo de aluguer a A.K.R.M.
926/2022	23-05-2022	Concesión de premios outorgados polo xurado e polo voto popular no XIII Concurso de Escaparates de Nadal 2021
927/2022	23-05-2022	Aceptación da proposta para diferir cesamento, consonte co disposto no artigo 3.3 da Resolución do 20 de maio de 2022 da Dirección Xeral da Función Pública
928/2022	23-05-2022	Expediente de incorporación de remanentes 22/2022
929/2022	24-05-2022	Non admisión a trámite da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Bilbao, Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros, por danos ocasionados en vehículo asegurado na súa compañía, o día 3 de xaneiro de 2022
930/2022	24-05-2022	Expediente de transferencia de crédito 4/2022
931/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social dous recibos de aluguer a N.C.L.
932/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social de recibo de aluguer a J.A.M.V.
933/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social recibo de auga a M.J.B.B.
934/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social de recibo de gas a A.D.C.M.
935/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social de recibo de aluguer a M.T. por importe de 390 euros
936/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social de odontoloxía de J.M.S.V.
937/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para lentes correctoras a M.P.B.V.
938/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social de recibo de luz a M.M.I.S.
939/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para gastos farmacéuticos a A.D.P.
940/2022	24-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de luz e dous recibos de aluguer a A.E.P.N.
941/2022	24-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.S.J.F. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
942/2022	24-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.V.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
943/2022	24-05-2022	Concesión axuda de emerxencia social alimentación a L.M.T.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
944/2022	24-05-2022	Aprobación do desenvolvemento e do gasto da campaña #OrgulloDeCambre 2022.
945/2022	24-05-2022	Aprobación do pagamento á Augas de Galicia correspondente a autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do 2022.
946/2022	24-05-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a J.M.S.M. por non estar xustificada a situación de necesidade
947/2022	25-05-2022	Expediente sancionador por gritos na vía pública na rúa María Mariño (O Temple). Infractor: B.B.I.
948/2022	24-05-2022	Expediente de xeración de crédito 4/2022. Proxecto Amará
949/2022	25-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola ocupación dunha zona de vía pública, non habilitada, por uns valos e acopios varios, sitios na rúa Mero - A Barcala (Cambre)
950/2022	25-05-2022	Celebración voda civil o 4 de xuño de 2022 ás 12 horas.
951/2022	25-05-2022	Aceptación Programa A. Subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

952/2022	25-05-2022	Concesión premios concurso escaparates Nadal 2021
953/2022	25-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a Y.T. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
954/2022	25-05-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a J.M.L.M. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza
955/2022	25-05-2022	Reposición da legalidade urbanística por realización de obras en peche de terreo sito en Lugar de Espírito Santo (Cecebre) sen comunicación previa ou licenza concedida. Propietarios: J.N.L. e M.D.L.G.
956/2022	25-05-2022	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
957/2022	25-05-2022	Concesión de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
958/2022	25-05-2022	Multas de tráfico - 99500000025739 Acordos de inicio
959/2022	25-05-2022	Multas de tráfico - 2546/2022 Resolución de primeiras alegacións ordinario
960/2022	25-05-2022	Multas de tráfico - 99500000025853 Acordos de inicio
961/2022	25-05-2022	Autorización apertura urna central sinalada ao número 61, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, o día 13 de maio de 2022, co fin de inhumar o cadáver de don F.V.M.
962/2022	25-05-2022	Aprobación nómina maio 2022
963/2022	25-05-2022	Contratación da Asoc Cultural e Musical Latexo Percusión; espectáculo "Animación de rúa, Batucada". Rede Cultural
964/2022	26-05-2022	Lista de admitidos do Programa Vente de Marcha; Ruta 153: Termas de Salvaterra do día 15 de maio de 2022
965/2022	26-05-2022	Reposición da legalidade urbanística a J.V.C. pola construción dun peche no terreo sito na praza de San Marcos (Anceis). Propiedade: J.V.C.
966/2022	26-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola execución do entubado e formigonado da cuneta en Aián (Sigrás), sen adaptarse á comunicación previa presentada. Propiedade: A.A.D.P. e E.L.G.
967/2022	26-05-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades xuvenís abril 2022
968/2022	26-05-2022	Contratación de 10d10 Soluciones Acertadas, S.L.L.; concerto de Sandra Calderón

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das seguintes propostas:

- Proposta de adjudicación do "Servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre en períodos vacacionais escolares (cursos 2022-2023 e 2023-2024)" a prol do licitador "Hebe Sport, SL", no prezo ofertado para os dous anos de contrato de 152.410,40 euros sen IVE, 167.651,44 euros IVE incluído. Expediente 2022/C004/000002
- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Hebe Sport, S.L. adjudicataria do "Servizo de organización e desenvolvemento dos obradoiros de prevención socioeducativa 2018-2020 no Concello de Cambre". Expediente 2018/C004/000006

- Proposta de adxudicación da obra "Mellora da accesibilidade no entorno do Polígono do Temple, Cambre (supervisado)", obra incluída na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2021, a prol do licitador "Vías e Servizos Compostela, S.L.", no prezo ofertado de 112.059,61 euros sen IVE (135.592,13 IVE incluído). Expediente 2021/C003/000008
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000027, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de "Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás"

sendo aprobada a urxencia das propostas por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión.

**A) Proposta de adxudicación do "Servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre en períodos vacacionais escolares (cursos 2022-2023 e 2023-2024)" a prol do licitador "Hebe Sport, SL", no prezo ofertado para os dous anos de contrato de 152.410,40 euros sen IVE, 167.651,44 euros IVE incluído. Expediente 2022/C004/000002**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/000002 para a adxudicación, por procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, do "Servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre en períodos vacacionais escolares (cursos 2022-2023 e 2023-2024)", cun valor estimado de 212.145,76 euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 192.859,00 euros sen IVE, 212.145,76 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares – memoria de execución do programa, oferta económica e estabilidade no emprego-, que constan na acta da Mesa de Contratación de data 29 de abril de 2022, respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente, a prol de "Hebe Sport, S.L.", no prezo ofertado para os dous anos de contrato de 152.410,40 euros sen IVE, 167.651,44 euros IVE incluído (dos que 75.522,40 euros sen IVE, 83.074,64 euros IVE incluído, corresponden ao curso 2022-2023; e 76.888,00 euros sen IVE, 84.576,80 euros IVE incluído, corresponden ao curso 2023-2024), por ser a única entidade presentada e admitida na presente licitación e segundo a puntuación obtida en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida con datas 12, 16 e 20 de maio de 2022.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 27 de maio de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 236/2022 emitido polo interventor municipal con data do 29 de maio de 2022.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 22 de abril de 2022, declarar válida a licitación, admitindo nela á proposición do único licitador presentado, "Hebe Sport, S.L.", por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 14 e 15 do PCAP e achegar debidamente cuberto o modelo de "Documento Europeo Único de Contratación" (DEUC), así como a declaración responsable, segundo o modelo do apartado B).1 do Anexo II do PCAP.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 29 de abril de 2022, a valoración da única proposición presentada e admitida na licitación, e de conformidade co informe emitido polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal con data do 26 de abril de 2022, outorgar a puntuación global de 8 puntos, correspondente ao criterio avaliable mediante xuízos de valor contemplado na Cláusula 12.a) do PCAP: Memoria de execución do programa relativo a cada período vacacional.

**Terceiro:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 29 de abril de 2022, a seguinte valoración da única proposición presentada e admitida na licitación, correspondente aos criterios de adxudicación de apreciación automática que constan na cláusula 12 do PCAP -prezo ofertado á baixa e estabilidade no emprego- así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que queda establecido en 144.644,84 euros (sen IVE), resultando que a única proposición presentada non se atopa nesta circunstancia.

EMPRESA	Prezo ofertado á baixa (ata 80 puntos)	Estabilidade no emprego (ata 10 puntos)	TOTAL
HEBE SPORT, S.L.	80 puntos	10 puntos	90 puntos

**Cuarto:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 29 de abril de 2022 e de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte puntuación total da única proposición presentada e admitida na presente licitación, tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESA	Valoración de criterios avaliables mediante xuízos de valor	Valoración de criterios avaliables de forma automática	TOTAL	Baixa temeraria
HEBE SPORT, S.L.	8 puntos	90 puntos	98 puntos	No

**Quinto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 29 de abril de 2022, adxudicar o "Servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre en períodos vacacionais escolares (cursos 2022-2023 e 2023-2024)" a prol do licitador "Hebe Sport, SL", con NIF B15890809 e enderezo en rúa Venezuela nº 3, 15160 Sada (A Coruña), no prezo ofertado para os dous anos de contrato de 152.410,40 euros sen IVE, 167.651,44 euros IVE incluído (dos que 75.522,40 euros sen IVE, 83.074,64 euros IVE incluído, corresponden ao curso 2022-2023; e 76.888,00 euros sen IVE, 84.576,80 euros IVE incluído, corresponden ao curso 2023-2024), todo isto de conformidade co establecido no artigo 159.4,



punto 2º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido na cláusula 17.3 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse, ademais de nos prezos ofertados, na memoria de execución do programa relativo a cada período vacacional e na estabilidade no emprego.

**Sexto:** Por atoparnos ante un contrato **susceptible de recurso especial en materia de contratación** (artigo 44 LCSP) a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos (artigo 153.3 LCSP).

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a **cinco días** a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato:

- os documentos relativos ao **seguro de responsabilidade civil** a que se refire a cláusula 23
- declaración na que poña de manifesto **onde van estar situados os servidores** e desde onde se van a prestar os servizos asociados aos mesmos, facendo constar que calquera cambio na información facilitada durante a vixencia do contrato, será comunicada de forma inmediata ao Concello (cláusula 30.2), e que se compromete a garantir o cumprimento en materia de protección de datos persoais.

A formalización do contrato publicarase no Perfil de Contratante (artigo 154 LCSP) nun prazo non superior a 15 días. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 19.2 do PCAP, con carácter previo ao comezo da execución do contrato ou prestación do servizo, presentarase polo adxudicatario a declaración responsable de protección de menores a que refírese o **anexo VII** e formalizarase o contrato de encarga de tratamento de datos a que se refire o **anexo VIII**.

Ditas circunstancias serán acreditadas polo responsable do contrato, que deberá comprobar, igualmente, que o contratista acreditou que dispón dos **medios persoais adscritos ao mesmo** e, por tanto, figuran no expediente de contratación os contratos formalizados e demais documentos relacionados na cláusula 17.1.L).

**A falta de presentación dalgún/vos de os documentos esixidos na cláusula 17.1.L) dará lugar á resolución do contrato e incautación da garantía definitiva.**

Así mesmo, o contratista achegará canta documentación e precisións sexan requiridas durante a execución do contrato polo Órgano de contratación ou polo Responsable do contrato.

Igualmente, no seu caso, previo inicio da execución da prestación, deberá darse de alta no epígrafe correspondente do **IAE** que lle faculte para o seu exercicio no ámbito territorial no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido para as tarifas do imposto no Real Decreto Lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto de Actividades Económicas.

**Sétimo:** De conformidade coa cláusula 19.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, designar como responsable do contrato ao coordinador de Actividades Culturais e Educativas

municipal, don José Luís Martínez Názara, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos ao adxudicatario, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), facéndolle saber que, contra eles, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no artigo 44, apartados 1.a) e 2.c) da LCSP e cláusula 37.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (artigo 50 LCSP), a partir do día seguinte a aquel en que se notificou esta de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica [https://tacgal.xunta.gal/procedementos\\_é.html](https://tacgal.xunta.gal/procedementos_é.html). En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciaranse conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **B) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Hebe Sport, S.L. adxudataria do "Servizo de organización e desenvolvemento dos obradoiros de prevención socioeducativa 2018-2020 no Concello de Cambre". Expediente 2018/C004/000006**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 22 de outubro de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Hebe Sport, S.L. para o "Servizo de organización e desenvolvemento dos obradoiros de prevención socioeducativa 2018-2020 no concello de Cambre".Expediente 2018/C004/000006.

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva prestada mediante fianza de data 20/08/2018, por importe de 1.612,77 euros con núm. de rexistro 840.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo os informes emitidos pola educadora social do Concello de Cambre, con datas do 13 de setembro de 2021 e 27 de maio de 2022.

Visto o informe de fiscalización favorable número 233/2022 emitido pola Intervención Municipal con data do 28 de maio de 2022.

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva por importe de 1.612,77 € depositada pola entidade Hebe Sport, S.L. con CIF B15890809 e enderezo na rúa Venezuela, 3 - 3 esq, 15160, Sada, A Coruña, no expediente número 2018/C004/000006, para o "Servizo de organización e desenvolvemento dos obradoiros de prevención

socioeducativa 2018-2020 no Concello de Cambre”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de adxudicación da obra "Mellora da accesibilidade no entorno do Polígono do Temple, Cambre (supervisado)", obra incluída na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2021, a prol do licitador "Vías e Servizos Compostela, S.L.", no prezo ofertado de 112.059,61 euros sen IVE (135.592,13 IVE incluído). Expediente 2021/C003/000008**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C003/000008 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado mediante aplicación de fórmulas, da obra “Mellora da accesibilidade no entorno do Polígono do Temple, Cambre (supervisado)”, obra incluída na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2021, cun orzamento base de licitación de 122.993,76 sen IVE, 148.822,45 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.3 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación designada para o presente expediente de data 29 de novembro de 2021 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a exclusión das ofertas incursas en presunción de ofertas anormalmente baixas acordada pola Mesa de Contratación do 21 de xaneiro de 2022 de conformidade co informe emitido pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal de 17 de decembro de 2021, e a exclusión da seguinte entidade mellor valorada, Arias Infraestructuras S.A., ao estar incursa en prohibición de contratar por ter solicitado a declaración de concurso voluntario segundo se reflexa no acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 29 de marzo de 2022.

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación con data do 29 de marzo de 2022, posteriormente ratificada con data 30 de maio de 2022, a prol do licitador "Vías e Servizos Compostela, S.L." no prezo ofertado de 112.059,61 euros sen IVE (135.592,13 IVE incluído), por ser a entidade das que continúan no procedemento de licitación que obtén a seguinte mellor puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación que consta na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica), sen que a súa oferta estea incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, así como o prazo de emenda outorgado por acordo da Mesa de Contratación con data 29 de abril de 2022, achegou en prazo toda a documentación requirida, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público con datas de 19 de abril e 24 de maio de 2022.

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria accidental e o interventor municipal de data 30 de maio de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 29 de novembro de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 11.1 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente e ter aportado debidamente cuberto o modelo de proposición segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- Arias Infraestructuras, S.L.
- Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.
- Canarga, S.L.
- Cosmalca, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.
- Gestal y López, S.L.
- López y Leis, S.A.
- Novavial, S.L.
- Obras y Saneamientos Galicia, S.L.
- Sergonsa Servicios, S.L.
- Vías y Servizos Compostela, S.L.

**Segundo:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 29 de novembro de 2021, aprobar a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ao único criterio de valoración que consta na cláusula 15.3 e no Anexo IV do PCAP (oferta económica), así como o límite





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en 135.475,87 euros (IVE incluído):

Nome Empresa	Oferta Económica		Baixa (%)	Puntuación
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	Sen IVE:	109.991,70 €	10,57	61,66
	IVE:	23.098,26 €		
	TOTAL:	133.089,96 €		
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	Sen IVE:	110.411,50 €	10,23	59,68
	IVE:	23.186,42 €		
	TOTAL:	133.597,92 €		
CANARGA, S.L.	Sen IVE:	107.619,01 €	12,50	72,92
	IVE:	22.599,99 €		
	TOTAL:	130.219,00 €		
COSMALCA, S.L.	Sen IVE:	107.663,87 €	12,46	72,68
	IVE:	22.609,41 €		
	TOTAL:	130.273,28 €		
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.L.	Sen IVE:	119.303,95 €	3,00	17,50
	IVE:	25.053,83 €		
	TOTAL:	144.357,78 €		
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	Sen IVE:	108.480,50 €	11,80	68,83
	IVE:	22.780,91 €		
	TOTAL:	131.261,41 €		
GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	Sen IVE:	118.160,11 €	3,93	22,93
	IVE:	24.813,62 €		
	TOTAL:	142.973,73 €		
LÓPEZ Y LEIS, S.A.	Sen IVE:	120.000,00 €	2,43	14,18
	IVE:	25.200,00 €		
	TOTAL:	145.200,00 €		
NOVAVIAL, S.L.	Sen IVE:	121.690,02 €	1,06	6,18
	IVE:	25.554,90 €		
	TOTAL:	147.244,92 €		
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	Sen IVE:	115.195,96 €	6,34	36,98
	IVE:	24.191,15 €		
	TOTAL:	139.387,11 €		
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	Sen IVE:	115.153,00 €	6,37	37,16
	IVE:	24.182,13 €		
	TOTAL:	139.335,13 €		
VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	Sen IVE:	112.059,61 €	8,89	51,86
	IVE:	23.532,52 €		
	TOTAL:	135.592,13 €		

**Terceiro:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 29 de novembro de 2021, e de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta o único criterio de adxudicación que consta na cláusula 15.3 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica):

Nº de orde	NOME DA EMPRESA	Puntuación total	Oferta anormalmente baixa
1º	CANARGA, S.L.	72,92	Sí
2º	COSMALCA, S.L.	72,68	Sí
3º	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	68,83	Sí
4º	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	61,66	Sí
5º	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	59,68	Sí
6º	VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	51,86	No
7º	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	37,16	No
8º	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	36,98	No
9º	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	22,93	No
10º	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.L.	17,50	No
11º	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	14,18	No
12º	NOVAVIAL, S.L.	6,18	No

**Cuarto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 21 de xaneiro de 2022, tendo en conta o establecido no art. 149.6 da LCSP e cláusula 15.4.4 do PCAP e en concordancia co informe emitido pola enxeñeira técnica de Obras públicas municipal de data 14 de xaneiro de 2022, excluír da clasificación as ofertas presentadas polas empresas que a continuación se relacionan, toda vez que non xustificaron debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa:

- Canarga, S.L.
- Cosmalca, S.L.
- Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.
- Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.

**Quinto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 29 de marzo de 2022, excluír ao licitador "Arias Infraestructuras, S.A." do procedemento de adxudicación da obra de "Mellora da accesibilidade na contorna do Polígono do Temple, Cambre (supervisado)", obra incluída na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2021, iso tendo en conta que o artigo 71.1 c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece a prohibición de contratar con quen soliciten a declaración de concurso voluntario, suposto no que incorre o citado licitador, iso segundo acredítase no edicto do 15 de marzo de 2022, do Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña, publicado no Suplemento do Taboleiro Edictal Xudicial Único do Boletín Oficial do Estado nº 66, do 18 de marzo de 2022.

E tendo en conta, así mesmo, que o 72.1 da citada Lei 9/2017 establece que a dita circunstancia determinante de prohibición para contratar apreciarase directamente polo órgano de contratación, subsistindo mentres concorra esta.

**Sexto:** Devolver o aval depositado na Tesourería municipal da garantía definitiva por importe total de 10.999,17 euros, con número de rexistro 1057 e data 26/01/2022, á entidade excluída, "Arias Infraestructuras, S.A.", ao non poder ir contra a mesma para facer fronte á penalidade na que incorre, tendo en conta o establecido no artigo 110 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

**Sétimo:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 29 de marzo de 2022, posteriormente ratificada con data 30 de maio de 2022, adjudicar a obra "Mellora da accesibilidade no entorno do Polígono do Temple, Cambre (supervisado)", obra incluída na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2021, á empresa "Vías e Servizos Compostela, S.L.", con NIF B94106747 e domicilio en Polígono A Cotorra s/n, estrada Ourense 0110 - 32670 Xunqueira de Ambía (Ourense), no prezo ofertado de 112.059,61 euros sen IVE (135.592,13 IVE incluído), por ser a seguinte entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adjudicación que consta no Anexo IV do PCAP (oferta económica), sen estar incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, e ter presentado en prazo a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

**Oitavo:** Formalizar o contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Con carácter previo ao inicio da execución do contrato, deberá darse de alta no epígrafe correspondente do **Imposto de Actividades Económicas (IAE)** que lle faculte para o seu exercicio no ámbito territorial no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido para as tarifas do imposto no Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto de Actividades Económicas.

**Noveno:** Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de Obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë á cal, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á entidade "Gallega de Coordinacións SL", adjudicataria do expediente núm. 2020/C004/000022 para o "Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)". Así mesmo, o control de calidade da obra exercerase pola entidade "3C Calidad y Control Sociedade Cooperativa Galega", adjudicataria do expediente núm. 2020/C004/000021 para o "Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello (2021-2022)".

**Décimo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e ás entidades encargadas da coordinación de seguridade e saúde e do control de calidade, e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía

administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Décimo primeiro:** Notifíquese á directora de obra e responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000027, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de "Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás"**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 26 de abril de 2022, elaborouse pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de "Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás".

Con data 19 de maio de 2022, a enxeñeira técnica de Obras Públicas asinou o informe técnico que contén os criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución do contrato e réxime de penalidades para a contratación.

Na mesma data redactou a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento.

Consta o documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal, con número de operación 17/2022-220210011009, respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 150.60900 *Outros investimentos novos en infraestrut. e bens uso xeral*.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 29 de maio de 2022, de inicio do expediente de contratación, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 31 de maio de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, co que se persegue contratar o servizo consistente na redacción do proxecto das obras de reforma necesarias para a legalización da Urbanización UE-25, así como a dirección da dita obra, isto co fin de dar cumprimento ás competencias municipais do artigo 25.2 a) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local [a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística (...)*, e d) *Infraestrutura viaria (...)*], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000027, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de "Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás"
- Orzamento base de licitación: 12.880,38 euros
- Valor estimado: 10.644,94 euros
- Prazo de execución: Redacción do proxecto: 2 meses  
Dirección de obra: O que se estableza no correspondente proxecto e, por conseguinte, se fixe como prazo de execución da obra no pertinente expediente de contratación para a súa adxudicación

isto a teor do establecido nos artigos 131 e 156 ao 159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 150.60900.

**Cuarto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

- Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós
- Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o/a substitúa  
O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.  
O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.





O enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño e, como suplente, a arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha durante a súa vixencia, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

**Quinto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López